

Programas Internacionais



IES Johan Carballeira de Bueu



IES Johan Carballeira de Bueu



Que é?

A iniciativa Erasmus+ é un programa da Unión Europea para apoiar a educación, a formación, a xuventude e o deporte en Europa.

Para quen?

Alumnado (ESO, Bacharelato, Ciclos FP, Universidade), profesorado, PAS, e outros profesionais da Educación.




IES Johan Carballeira de Bueu

VANTAXES DO PROGRAMA ERASMUS:

- O alumnado Erasmus é altamente valorado polas empresas, a nivel nacional e europeo.
- Un estudo recente levado a cabo pola U.E. ten revelado que os estudantes que desfrutan dunha bolsa Erasmus teñen mellor acollida no mercado laboral.
- Cinco anos despois de titular, a tasa de desemprego destes alumn@s é un 23% menor e teñen a metade de probabilidades de ser desempregados de longa duración.



IES Johan Carballeira de Bueu



PAÍSES NOS QUE FIXEMOS MOBILIDADES

Portugal
Alemaña
Holanda
Italia
Irlanda
Malta
Rumanía



IES Johan Carballeira de Bueu



**PORTUGAL
(Valença)**



**PORTUGAL
(Braga)**



ITALIA (Milán)



**MALTA
(St. Julians)**



**IRLANDA
(Cork)**



**ITALIA
(Bolonia)**



IES Johan Carballeira de Bueu

CONVOCATORIAS

CICLO SUPERIOR	EDUCACIÓN SUPERIOR
CICLO MEDIO Y FP BÁSICA	FORMACIÓN PROFESIONAL



IES Johan Carballeira de Bueu

TIPOS DE MOBILIDADES

TIPO	DURACIÓN
REALIZAR AS PRÁCTICAS (FCT)	3 MESES APROX.
RECENTEMENTE TITULADO/AS (DENTRO DOS 12 MESES TRAS A TITULACIÓN)	ATA 12 MESES

Poderíase facer unha mobilidade de recentemente titulado a continuación da FCT, ampliando a mobilidade ata un máximo de 12 meses



IES Johan Carballeira de Bueu

APOIO LINGÜÍSTICO

- Organizaranse clases de idiomas fora do horario escolar
- Unha vez feita a selección comunicaranse os días e horarios





IES Johan Carballeira de Bueu

SEGUROS E COBERTURAS

- SEGURO DA FCT
- SEGURO PRIVADO (Responsabilidade Civil, de viaxe e S.Médico)
- OBRIGATORIO LEVAR A TARXETA SANITARIA EUROPEA





IES Johan Carballeira de Bueu

EXEMPLOS DE AXUDAS ECONÓMICAS CICLO MEDIO / FP BÁSICA

PAÍS	EXEMPLOS DE AXUDAS
PORTUGAL	3500 €
HOLANDA	3500 €
MALTA	3100 €



IES Johan Carballeira de Bueu

EXEMPLOS DE AXUDAS ECONÓMICAS CICLO SUPERIOR

PAÍS	EXEMPLOS DE AXUDAS
PORTUGAL	800 € + 700 € *
HOLANDA	1060 € + 700 € *
MALTA	1000 € + 700 € *

* Esta axuda se cobra despois da mobilidade (cantidade aproximada)



IES Johan Carballeira de Bueu

TODA A COMUNICACIÓN SERÁ A TRAVÉS DA AULA VIRTUAL MOODLE

XUNTA DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN SECUNDARIA JOHAN CARBALLEIRA

Iniciar sesión

O CENTRO

DEPARTAMENTOS

FAMILIAS

ALUMNADO

RECURSOS TIC

CONSELLERÍA

AULA VIRTUAL

GALERÍA

Reunións de inicio de curso coas familias

MARTES 4 DE OUTUBRO

GRUPOS	HORA
1º - 2º ESO	16:00 h
3º - 4º ESO	17:00 h
1º - 2º BAC	17:30 h
FPB	18:00 h

Listaxe provisional alumnado seleccionado para as axudas Erasmus+ de Educación Escolar 2022-2023

Publicada a listaxe provisional do alumnado seleccionado para as axudas Erasmus+ de Educación Escolar 2022-2023. Accede aquí.

Normas COVID curso 2022/23

Segundo as instrucións conxuntas do 5 de setembro de 2022 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade e da Consellería de Sanidade ao respecto das recomendacións xerais para a xestión da COVID-19 no ámbito educativo no curso 22-23, este ano non haberá un protocolo específico de adaptación ao contexto da COVID-19 nas aulas. Porén, ditas instrucións recollen unha serie de recomendacións para o novo curso:

- Ventilación de espazos, realizando ventilación cruzada frecuente nas instalacións, sobre todo ao inicio e remate da xornada, durante os recreos e entre clases.
- Hixiene de mans e hixiene respiratoria, promovendo o lavado de mans regular e recomendando túsir ou esbarrar sobre a cara interior do codo ou nun pano.
- Uso de máscara, sendo **obrigatorio no transporte escolar** e recomendable no caso das persoas que presenten síntomas compatibles coa COVID-19 ou outra sintomatoloxía respiratoria, e naquelas persoas con criterios de vulnerabilidade.

As persoas que presenten síntomas compatibles coa COVID-19 non precisan illamento pero deberán utilizar máscara e manter unha hixiene de mans e respiratoria axeitada e evitar interaccionar con persoas vulnerables. En calquera caso, se a sintomatoloxía impide asistir con normalidade ao centro, non se acudirá, como en calquera enfermidade común.

EVENTOS

« Setembro 2022 »

Lun	Mar	Mér	Xov	Ven	Sáb	Dom
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30		

BUSCAR

BIBLIOTECA

Presentación Actividades Novidades

Catálogo

E-ELBE.2 LECTURA DIGITAL PARA AS BIBLIOTECAS ESCOLARES

DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Cofinanciado por la Unión Europea



IES Johan Carballeira de Bueu

COMO SE FARÁ A SELECCIÓN?

CRITERIOS DE SELECCIÓN	BAREMO
Expediente académico do candidato/a	ata 2 puntos
Competencia lingüística en inglés ou no idioma do país de destino	ata 2 puntos
Adecuación do perfil do candidato ao programa de mobilidade	ata 2 puntos
Entrevista persoal	ata 4 puntos



IES Johan Carballeira de Bueu

CRITERIOS DE SELECCIÓN	BAREMO	COMO SE VALORA
Expediente académico do candidato/a	ata 2 puntos	Valorarase obtendo a nota final obtida no 1º curso do ciclo formativo, ou dos módulos cursados en ensino modular.
Competencia lingüística en inglés ou no idioma do país de destino (Obrigatoriamente achegarse a acreditación oficial xunto co formulario de solicitude)	ata 2 puntos	<p>Sen acreditación oficial: A persoa que queira obter puntuación neste apartado, e non teña unha acreditación oficial, poderá realizar unha proba de nivel: Ata 3 puntos</p> <p>Con acreditación oficial: Nivel Competencia B2 ou superior: 3 puntos Nivel de Competencia B1: 1,5 puntos Nivel de Competencia A2: 1 puntos Nivel de Competencia A1: 0,5 puntos</p>
Adecuación do perfil do candidato ao programa de mobilidade	ata 2 puntos	Valoración do equipo docente do Ciclo (grao de madurez, capacidade de adaptación a situacións novas, compromiso e responsabilidade no traballo, inquedanzas e outras competencias clave).
Entrevista persoal	ata 4 puntos	Entrevista realizada e valorada polo Comité de Avaliación de mobilidades.



IES Johan Carballeira de Bueu

CRITERIOS DE EXCLUSIÓN

Serán motivos de exclusión:

- O alumnado que teña sido obxecto, durante a realización do ciclo, de **calquera tipo de medida disciplinaria (máis de 2 faltas de orde, expulsión temporal do centro, apertura de expediente disciplinario, etc.)**
- As persoas que **non presenten os documentos requiridos dentro dos prazos establecidos** (formulario de solicitude, currículo Europass, carta de presentación, tarxera sanitaria europea, etc.) **ou que non asistan ás entrevistas** de selección do proxecto.
- O equipo de programas internacionais, logo de analizar a valoración feita polo equipo docente, e **que amose unha falta de responsabilidade** (non asistencia a actividades propostas: clases de idiomas, reunións...) pode decidir a exclusión do candidato/a para realizar a mobilidade.

O alumnado que por motivos de forza maior renuncie a participar na mobilidade, deberá comunicalo por escrito xustificando eses motivos.



IES Johan Carballeira de Bueu

ETAPAS DA SELECCIÓN

PRAZO	PUBLICACIÓN
Do 7 ao 17 de outubro (ámbos inclusive)	Prazo para cubrir o formulario na páxina web do centro
18 de novembro	Publicación listaxe provisional (apertura do prazo de reclamacións)
24 de novembro	Publicación da Listaxe definitiva



IES Johan Carballeira de Bueu

Moitas grazas pola súa atención

DÚBIDAS?



Correo electrónico de contacto:

p-internacionais@iesjohancarballeira.com